

O TEU VERÁN COLLE NUNHA MOCHILA

-CAMPAMENTOS-

ACCIÓN dVerán'2017



XUNTA DE GALICIA

EDITA:

Xunta de Galicia
Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

DESEÑO E MAQUETACIÓN:

www.dunagroup.es

ACCIÓN dVerán'2017

Dos 9 aos 17 anos
-CAMPAMENTOS-

VEN DE BALDE AO CAMPAMENTO!

*Que tes pensado facer para estas vacacións?
Queres asistir aos nosos campamentos de verán?*


E que che saia de balde? Só tes que presentar a túa solicitude de participación no sorteo das prazas por vía electrónica, na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo:

<https://sede.xunta.gal>

Entre os/as que vos animedes, e sempre que resultedes adxudicatarios/as dunha praza nalgún dos campamentos, sortearemos **10** prazas de balde.

SORTE!!!





INTRODUCCIÓN

A Consellería de Política Social ofrece a posibilidade de que a xuventude galega empregue o seu tempo libre estival participando en actividades de educación non formal moi diversas: de carácter cultural, ambiental, deportivo, de tempo libre, de voluntariado, etc. A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado pretende facer realidade este obxectivo a través da **Campaña de verán 2017**. Trátase dun programa de actividades que terá lugar nos meses de xullo, agosto e setembro, tanto en Galicia coma noutras comunidades autónomas.

Pódese participar nalgún dos seguintes programas:

- Programas de actividades que se realizarán en Galicia.
- Programas de intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas.
- Campos de traballo en Galicia.
- Campos de traballo noutras comunidades autónomas.

- Campos de traballo no estranxeiro.

- Actividades para maiores de 18 anos.

A información que incluímos neste folleto fai referencia ás quendas das actividades (**campamentos**) que se realizarán en Galicia e aos intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas, regulados na **Orde pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2017 e se procede á súa convocatoria e recollidas na páxina web <http://xuventude.xunta.es>**

Co obxectivo de que a inclusión social sexa unha realidade ao tempo que se favorece a interacción e a convivencia entre toda a mocidade, na presente convocatoria, **as mozas e mozos galegos con discapacidade, en función das limitacións que presenten**, poderán decidir sobre a modalidade de participación á que desexan optar: polo procedemento xeral ou polo procedemento das prazas reservadas de inclusión.

CAMPAMENTOS EN GALICIA

SERVIZOS OFERTADOS

A participación na Campaña de verán 2017 realizarase mediante a inscrición individual ou múltiple (para os supostos de dous, tres ou catro irmáns ou irmás). As persoas participantes disporán dos seguintes **servizos**:

- Un programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial, que posibilite a participación das mozas e mozos.
- O aloxamento nun albergue xuvenil, nunha residencia xuvenil ou nun campamento xuvenil.
- A manutención en réxime de pensión completa.
- O material necesario para a actividade.
- Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre e actividades náuticas, de ser o caso. Así mesmo, e para o caso das persoas con necesidades especiais por razón da súa discapacidade, disporase de persoal de apoio que conte con formación e experiencia para atender as súas necesidades.
- Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

INTERCAMBIOS CON OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

A proposta de intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas permite que os nosos rapaces e rapazas coñezan a realidade social e cultural das comunidades anfitrías, para o que convivirán con outros grupos e participarán na realización de actividades recreativas, turísticas, culturais e deportivas. Este ano realizaremos intercambios con

Álava-Araba, Castela e León, Estremadura, A Rioxa, Madrid e Cantabria.

INCORPORACIÓN AOS CAMPAMENTOS

A **incorporación** aos campamentos e albergues de Galicia será por conta da persoa interesada o día de inicio da quenda correspondente, entre as 16:00 e as 19:00 horas. Non se admitirá ningún/ningunha participante despois dese límite.

Nas **actividades de intercambio** noutras comunidades autónomas, será por conta da persoa interesada o traslado desde o seu domicilio ata Santiago de Compostela, ou o lugar que se sinala como punto de saída, tanto o día de ida para a actividade como o día de regreso desta.

No **suposto de abandono da actividade ou expulsión da persoa participante** será responsabilidade dos pais e nais ou dos tutores/as legais o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que se ocasionen.

PARTICIPANTES

Poden solicitar a súa participación nas actividades ofertadas as mozas e mozos galegos residentes en Galicia, nados no ano sinalado para cada actividade.

En canto ás idades mínima e máxima para participar na Campaña de verán 2017, cómpre destacar:

- As persoas nadas no ano **1999 non poderán cumprir 18 anos antes da finalización do campamento.**
- As persoas nadas no ano **2008 deberán**



ter cumpridos 9 anos ao inicio do campamento.

Para ser admitido no campamento será necesario non padecer enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa nin trastorno de conduta e/ou de comportamento que dificulte a convivencia.

Non se poderá participar en máis dun campamento por ano.

PERSOAS CON DISCAPACIDADE

As persoas que teñan unha discapacidade **igual ou superior ao 33%** poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar a súa condición no apartado que figura no seu impreso de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios.
- Que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda de terceira persoa.
- Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver no destino que soliciten. A programación de actividades e as características das instalacións de cada campamento poderanse consultar na páxina web de xuventude (<http://xuventude.xunta.es>). O sinalado será condición para a súa admisión no campamento.



As persoas que cumpran estes requisitos poderán optar por unha destas vías para presentar a solicitude:

a) Polo **procedemento xeral** da orde reguladora BS303A, no caso de solicitude individual, ou BS303F no caso de solicitude múltiple, para o suposto de irmáns ou irmás (de concorreren os requisitos esixidos na orde reguladora para estas solicitudes múltiples), exclusivamente para as actividades detalladas no **anexo I A** desta (campamentos en Galicia, polo tanto, quedan excluídos os campamentos noutras comunidades autónomas).

Esta solicitude incluírase no sorteo xeral da campaña de verán. No caso de que opten por esta vía, no formulario de solicitude deberán indicar os datos relativos á discapacidade. De non facelo así, non serán admitidos no campamento.

b) Polo **procedemento das prazas reservadas para inclusión** da orde reguladora, procedemento BS303G no caso de solicitude individual, ou BS303H no caso de solicitude múltiple, para o suposto de irmáns ou irmás (de concorreren os requisitos sinalados na orde reguladora para estas solicitudes múltiples), **exclusivamente** para os campamentos e quendas que se inclúen no **anexo I B** desta. Estas solicitudes incluíranse nun sorteo específico.

As persoas solicitantes con discapacidade deben optar por unha destas dúas vías; quedarán excluídas se presentan a solicitude por ambos os procedementos.



MENORES EN SITUACIÓN DE TUTELA OU GARDA ADMINISTRATIVA

Os/as menores en situación de tutela ou garda pola Administración e que se atopen en acollemento residencial, poderán participar nesta convocatoria e deberán indicar esta condición no anexo de solicitude, marcando a casíña correspondente.

SOLICITUDES, E FORMA DE PRESENTACIÓN

A solicitude pode ser individual ou múltiple.

A) SOLICITUDE INDIVIDUAL:

1º) Procedemento xeral:

As persoas que queiran presentar unha solicitude individual de prazas deben utilizar o formulario que se incorpora como **anexo II** (procedemento BS303A).

2º) Procedemento de prazas reservadas para inclusión de persoas con discapacidade:

As persoas con discapacidade que non presenten a súa solicitude individual pola vía xeral (procedemento BS303A) e opten polo procedemento das prazas reservadas para inclusión (as incluídas no **anexo I B**) deben utilizar o formulario que se incorpora como **anexo IV** (procedemento BS303G). As persoas interesadas deben solicitar a súa participación naqueles campamentos e quedas do anexo I B, que se correspondan co seu ano de nacemento.

B) SOLICITUDE MÚLTIPLE:

1º) Procedemento xeral:

No caso das persoas que cumpran os requisitos que se sinalan no apartado 3º deste punto e queiran presentar unha solicitude múltiple, deberán empregar o formulario que se incorpora como **anexo III** da orde (procedemento BS303F).

2º) Procedemento de prazas reservadas para inclusión de persoas con discapacidade:

As persoas con discapacidade que non presenten a súa solicitude múltiple pola vía xeral (procedemento BS303F) e opten polo procedemento das prazas reservadas para inclusión (as incluídas no **anexo I B**) deben utilizar o formulario que se incorpora como **anexo V** (procedemento BS303H).

3º) Tanto no procedemento xeral como no de inclusión, a solicitude múltiple admíttirase para o suposto de dous, tres e ata catro irmáns ou irmás. As persoas menores que convivan no domicilio en situación de acollemento familiar, tamén se poderán incluír na solicitude múltiple, equipararanse a súa situación á dos irmáns ou irmás.

A solicitude múltiple só se poderá empregar no caso de persoas que pidan idéntica instalación, quenda e actividade (mesmo código). Todas as persoas interesadas que figuren nunha mesma instancia deben cumprir os requisitos de idade esixidos para as instalacións e quendas solicitadas. Cando se trate dunha persoa sen discapacidade que teña irmáns/ás con discapacidade e queira presentar unha solicitude conxunta, só o poderá facer polo procedemento

xeral. En ningún caso unha persoa sen discapacidade poderá ocupar unha praza das reservadas para inclusión.

O incumprimento do disposto neste punto por unha das persoas participantes, suporá a exclusión de todas as que figuren nesta mesma solicitude.

PRESENTACIÓN:

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario/a e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos nos **artigos 14.1 e 16.4. da Lei 39/2015**, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

No caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de correos na primeira folia do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

As persoas que presenten a solicitude polo procedemento de portelo único dos concellos ou por correo deben remitir, unha vez rexistrada, unha copia por fax ao número 981 545 843.





TRAMITACIÓN DA SOLICITUDE:

•Cada mozo/a só pode cubrir unha solicitude e elixirá, por orde de prioridade, un máximo de cinco quendas ou actividades. Cada quenda ou actividade vai identificada cun código no **anexo I** (puntos A, B e C) da orde reguladora.

•Os datos do/a solicitante deben ser os do mozo/a que opta a participar nas actividades. No caso das solicitudes múltiples, deberanse cubrir os datos de todos os irmáns ou irmás que solicitan a súa participación (ata un máximo de catro).

•As solicitudes deberanas asinar os/as pais/nais ou titores/as dos menores solicitantes.

•As persoas solicitantes deben residir na Comunidade Autónoma de Galicia e, polo tanto, o enderezo que se inclúa na solicitude deberá ser, necesariamente, nalgún concello de Galicia.

•A **duplicidade** dunha solicitude dará lugar á non admisión de ambas, polo que o/a solicitante quedará fóra do sorteo.

•Logo de transcorrer un mes desde a publicación da orde reguladora, a persoa interesada deberá **comprobar** na páxina web <http://xuventude.xunta.es> a correcta mecanización da súa solicitude, co fin de

emendar os erros detectados. Nesa páxina aparecerá un enlace para consultar os datos das solicitudes. Para ter acceso a estes, deberase incluír o número do DNI do/a pai/nai ou titor/a que cubriu a instancia, así como a **data de caducidade** dese DNI. Se as persoas interesadas detectan algún erro nos datos mecanizados ou non atopan a solicitude, deben chamar a calquera dos números de teléfono da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado que aparecen no anexo VII. A comunicación dos erros deberá efectuarse, como data límite, ata **tres días** antes do sinalado para a realización do **sorteo**. Logo desta data, non procederá realizar ningunha reclamación contra os erros ou omisións de solicitudes.

•A presentación da solicitude implica a aceptación das normas do procedemento.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das solicitudes será de **15 días naturais** que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación da orde reguladora no *Diario Oficial de Galicia*.

ADXUDICACIÓN

•Directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.

•Por sorteo, por medios informáticos, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles. Efectuaranse dous sorteos independentes segundo o procedemento polo que se solicite (o xeral ou o de prazas reservadas para inclusión). Neste caso, o sorteo realizarase, ante notario/a, nos 45 días

seguintes á data de publicación da orde reguladora. O día concreto de realización do sorteo anunciarase na páxina web de xuventude, <http://xuventude.xunta.es>, e terá lugar ás 12.00 h dese día na sala de prensa da Consellería de Política Social, na terceira planta das dependencias da devandita consellería, no edificio administrativo de San Lázaro en Santiago de Compostela.

Mediante este sorteo, cubriranse as prazas nas distintas actividades que especifica o anexo I da orde reguladora. Así mesmo, dará lugar a unha listaxe de espera para cada unha das actividades. Inclúese a cada participante unicamente nunha lista de espera para un campamento concreto, de entre as cinco opcións que solicitou. O número de reservas en cada actividade será do 50% das prazas convocadas. Xerárase a listaxe de espera tanto no sorteo de prazas do procedemento xeral como no específico de prazas reservadas para inclusión.

A partir do día seguinte ao do sorteo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado publicará, na páxina web <http://xuventude.xunta.es>, as listaxes das persoas admitidas e as listaxes de espera. Para estes efectos, a presentación da solicitude implica a autorización para a publicación dos datos da persoa solicitante.

DOCUMENTACIÓN

Os/As participantes seleccionados/as deberán presentar na xefatura territorial da Consellería de Política Social da provincia onde se vai desenvolver a actividade ou na Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, no caso das actividades que se realicen fóra de Galicia, a seguinte documentación:

- A xustificación do pagamento.
- Unha fotocopia do DNI/NIE da persoa solicitante, no caso de que o pai, nai ou representante legal do/a menor interesado/a non autorice expresamente, no formulario de solicitude, a comprobación de datos por medio do acceso electrónico ao sistema de verificación de datos da identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Se o/a menor non dispuxera de DNI deberá achegarse a copia da folla correspondente do libro de familia.
- Tarxeta sanitaria ou seguro médico privado.
- Cuestionario de saúde e autonomía persoal (**anexo VI** da orde de convocatoria).
- Declaración responsable de que sabe nadar.**

No caso de persoas con discapacidade ademais:

- O certificado acreditativo do grao de discapacidade e a copia do ditame técnico facultativo emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente, cando non se autorice expresamente, no formulario de solicitude, a comprobación destes datos de discapacidade ou os ditos documentos non fosen expedidos na nosa comunidade autónoma.

O prazo para presentar a documentación é de 15 días naturais e comezará a contar desde o día seguinte ao da realización do sorteo.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS AS LISTAXES DE ESPERA

As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, por presentala fóra do prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo, seranlles ofrecidas aos/ás solicitantes que figuran nas lista-



xes de espera correspondentes na fase de reservas dos respectivos procedementos (xeral ou de prazas reservadas para inclusión). No caso de que se produzan baixas, a Dirección Xeral de Xuventude Participación e Voluntariado ou o servizo de xuventude correspondente contactarán, seguindo a orde da listaxe, coas persoas suplentes, mediante chamada telefónica. A apertura da fase de reservas publicarase na páxina web de xuventude, <http://xuventude.xunta.es>.

Realizaranse 3 chamadas entre as 9.00 e 14.00 h, que quedarán rexistradas para a súa constancia. De non contactar coa persoa interesada, esta será dada de baixa e chamarase á seguinte na listaxe de espera. Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofrecida, deberán presentar a documentación sinalada no artigo 8 da orde reguladora nun prazo de 48 horas.

No caso de non presentar a mencionada documentación no prazo indicado, a praza será ofertada á seguinte persoa da listaxe de espera. A apertura da fase de reservas publicarase na páxina web de xuventude, <http://xuventude.xunta.es>

ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS DE RESULTAS

As prazas vacantes que non se cubriren polos procedementos de adxudicación establecidos anteriormente serán ofertadas na fase de resultas a calquera solicitante que as demande e reúna as condicións e requisitos esixidos na orde reguladora para participar na convocatoria. Estas prazas estarán expostas na páxina web <http://xuventude.xunta.es>, onde se anunciará a

apertura da fase de resultas. Para solicitar as prazas de resultas, a persoa interesada deberá efectuar a oportuna reserva da praza, no caso de que existan vacantes, mediante chamada telefónica, aos números de teléfono indicados no anexo VII. A reserva de prazas poderase efectuar en horario de **9.00 a 14.00 h, en días laborables**, agás os sábados.

Cada persoa só poderá facer a reserva, como máximo, de catro prazas para catro participantes.

Unha vez comprobada na aplicación informática a dispoñibilidade da praza solicitada, asignarase esta á persoa interesada, que disporá dun prazo máximo de 48 horas para presentar a documentación relacionada no artigo 8 da orde.

Esta documentación poderá presentala en calquera das oficinas relacionadas no anexo VII. No caso contrario, perderá o dereito á praza reservada.

OBRIGAS DOS ADXUDICATARIOS

As persoas adxudicatarias das prazas están obrigadas a:

- Incorporarse á actividade e a regresar polos medios e nos prazos establecidos.
- Non abandonar a actividade sen o permiso da persoa responsable. En todo caso, o abandono da actividade antes da súa finalización requirirá a comparecencia dos pais, nais ou tutores/as, e será responsabilidade destes/as o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que por tal causa se ocasionen.
- Respetar as normas establecidas polo



equipos de animación, as normas de réxime interior das respectivas instalacións e, en xeral, as establecidas pola lexislación vixente na materia.

A praza é intransferible.

PREZOS

Os prezos de aplicación para cada actividade e quenda son os recollidos no **anexo I** (puntos A, B e C) da orde reguladora, fixados de acordo co sinalado na **Orde pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade e xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.**

DESCONTOS

•**50%** para membros de **familia** que teñan o título de **numerosa.**

•**25%** para as persoas usuarias do **Carné Xove.** Para poder aplicar o desconto a persoa beneficiaria deberá estar en posesión do Carné Xove, vixente, no momento de efectuar o pagamento.

Os descontos citados en ningún caso serán acumulables.

Para os efectos da aplicación destes descontos, as persoas solicitantes deberán indicar na súa solicitude, marcando o cadro correspondente do formulario, se teñen ou non o título de familia numerosa ou o Carné Xove, para a súa posterior comprobación pola administración; no caso de que non se autorice esta comprobación no formulario de solicitude, deberá achegarse a copia cotexada do título vixente de familia numerosa, ou a do Carné Xove, segundo o desconto aplicable.

DEVOLUCIÓN DE COTAS

Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non puidese asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste nos casos e polas causas seguintes:

- a) renuncia á praza comunicada por escrito sempre e cando solicite a devolución da cantidade aboada polo menos vinte días naturais antes do inicio da actividade.
- b) cando por causas non imputables á persoa interesada, non se preste o servizo ou a Administración anule a actividade.
- c) cando se produza o ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte o/a menor e lle impida incorporarse ao campamento. Esta causa debe acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresado o/a menor.
- d) por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

No caso de prazas adxudicadas en fase de resultas e cando non concorran ningunha das outras causas recollidas neste punto, só se admitirá a devolución de cota cando a data de inicio do campamento permita presentar a solicitude de devolución coa

antelación mínima de 20 días antes sinalada.

No caso de renuncia a unha praza concedida e posterior solicitude e adxudicación doutra na fase de resultas, se a renuncia á primeira praza non se comunicou coa antelación de vinte días antes sinalada e non concorre ningunha das demais causas recollidas neste punto, terá que aboarse o importe íntegro da segunda praza, sen que se compense co prezo aboado pola primeira.

Serán denegadas todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas coa antelación mínima de 20 días naturais anteriores ao inicio da actividade, cando non concorra ningunha das causas recollidas taxativamente no punto 1 deste artigo.

Para estes efectos as persoas interesadas dispoñen dun modelo normalizado de solicitude de devolución de cota de participación anexo a esta orde (anexo VIII), que se poderá obter na guía de procedementos e servizos, no enderezo electrónico: <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>, ou na sede electrónica, no enderezo <https://sede.xunta.gal>.

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario/a e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos nos artigos 14.1 e 16.4. da Lei 39/2015,

do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

EQUIPAMENTO NECESARIO

Útiles de aseo persoal, roupa axeitada (usada e cómoda), roupa de abrigo e chuvia, luvas, roupa deportiva, calzado forte e cómodo, sombreiro ou gorra, roupa de baño (traxe de baño, toalla, gorro de piscina, protector solar), calzado deportivo e saco de durmir.

EQUIPO ACONSELLABLE

Mochila ou bolsa, lanterna, cantimplora, bolígrafo e caderno.


INFORMACIÓN

Poderase requirir:

- Na Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
- Nos servizos de xuventude e voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social
- Nas oficinas locais de xuventude e no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Santiago de Compostela
- Nas oficinas e puntos de información xuvenil da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil
- Na páxina web <http://xuventude.xunta.gal>

ACCESIBILIDADE

A información sobre a accesibilidade nas distintas instalacións galegas pódese consultar na web <http://xuventude.xunta.gal>



Campamentos en Galicia

A CORUÑA

1. Albergue Xuvenil Marina Española (Sada).....	17
2. Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo).....	18
3. Campamento Xuvenil Furelos (Melide).....	19
4. Campamento Xuvenil Virxe de Loreto (Porto do Son).....	19
5. Campamento Xuvenil Espiñeira (Boiro).....	20
6. Granxa Zoo Grixalba (Sobrado dos Monxes).....	20

LUGO

7. Albergue Xuvenil Area (Viveiro).....	21
8. Albergue Xuvenil Benigno Quiroga (Portomarín).....	21
9. Campamento Xuvenil A Devesa (Ribadeo).....	22
10. Campamento Xuvenil Os Chacotes (Palas de Rei).....	22
11. Poboado Os Peares (Carballedo).....	23
12. Albergue Municipal de Quiroga (Quiroga).....	23

OURENSE

13. Campamento Xuvenil Penedos de Xacinto (Entrimo).....	24
14. Complexo O Corgo (Muiños).....	24
15. Estación de montaña de Manzaneda.....	25
16. Albergue Equal (Coles).....	25
17. Parque Natural do Invernadeiro (Vilariño de Conso).....	25

PONTEVEDRA

18. Albergue Xuvenil As Sinas (Vilanova de Arousa).....	26
19. Campamento Xuvenil Pontemarl (Forcarei).....	26
20. Campamento Xuvenil A Illa de Ons (Bueu).....	27



Prazas reservadas para inclusión

A CORUÑA

1. Albergue Xuvenil Marina Española (Sada)	17
2. Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo)	18
5. Campamento Xuvenil Espiñeira (Boiro)	20

LUGO

10. Campamento Xuvenil Os Chacotes (Palas de Rei)	22
---	----

PONTEVEDRA

19. Campamento Xuvenil Pontemaryl (Forcarei)	26
--	----

A CORUÑA

ALBERGUE XUVENIL MARINA ESPAÑOLA (Sada)

AVENTURA NAS MARIÑAS

Actividades xerais: takraw/voleipe, kinball, fotografía, intermareal, goallball e boccia, rutas ambientais, hockey, xogos tradicionais, diverciencia, divercocina, kurling, xeocaptura, tiroliña, tiro con arco, escalada e playing in english.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Aventura nas Mariñas	01-08/07	06-07-08	113 €	150001
	11-18/07	06-07-08	113 €	150002
	21-28/07	06-07-08	113 €	150003
	01-08/08	06-07-08	113 €	150004
	11-18/08	06-07-08	113 €	150005
	21-28/08	06-07-08	113 €	150006

ALBERGUE XUVENIL DE GANDARÍO (Bergondo) – RESIDENCIA XUVENIL LUG II (Lugo) – RESIDENCIA XUVENIL FLORENTINO CUEVILLAS (Ourense)

CONECTA CON GALICIA

Programa rotatorio de convivencia entre participantes galegos e outros procedentes da Galicia exterior, coa finalidade de dar a coñecer a realidade galega de xeito lúdico a través de experiencias nas que sexan protagonistas. Hai dúas quendas:

QUENDA 1

Inclúe unha estancia de seis días no albergue xuvenil de Gandarío, en Bergondo, A Coruña (días 1 a 6) e outros seis días na residencia xuvenil LUG II, en Lugo (días 7 a 12).

ACTIVIDADES XERAIS: O mar de Galicia. Días 1º a 6º da quenda. Coñecemento do medio mariño a través de actividades relacionadas co mar.

Cultura e camiño. Días 7º a 12º da quenda. Coñecemento do patrimonio histórico-cultural da zona de Lugo e percorrido de etapas do Camiño de Santiago (Camiño Francés).

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Conecta con Galicia	01-12 xullo	99-00-01-02	222 €	150007

QUENDA 2

Inclúe unha estancia de seis días no albergue xuvenil de Gandarío, en Bergondo, A Coruña (días 15 a 20) e outros seis días na residencia xuvenil Florentino Cuevillas en Ourense (días 21 a 26).

ACTIVIDADES XERAIS: O mar de Galicia. Días 1º a 6º da quenda. Coñecemento do medio mariño a través de actividades relacionadas co mar.

Cultura e camiño. Días 7º a 12º da quenda. Coñecemento do patrimonio histórico-cultural da zona de Ourense e percorrido de etapas do Camiño de Santiago (Vía da Prata).

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Conecta con Galicia	15-26 xullo	99-00-01-02	222 €	150008

ALBERGUE XUVENIL DE GANDARÍO (Bergondo)

MULTIAVENTURA EN GANDARÍO

ACTIVIDADES XERAIS: xeocaptura, orientación, bicicleta, longboard, xogos tradicionais, canoas, paddlesurf, multiaventura (tiro con arco, pista americana e slack line) aula mariña, TICS e excursións.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Multiaventura en Gandarío	01-12/07	02-03	232 €	150009
	17-28/07	00-01-02	232 €	150010
	02-13/08	99-00-01-02	232 €	150011
	17-28/08	03-04	232 €	150012

LABORATORIO DE IDEAS

ACTIVIDADES XERAIS: emprendemento, comunicación e oratoria, audiovisuais, razoamento científico STEAM, outdoor training, e outras actividades deportivas e de praia.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Laboratorio de ideas	01-10/08	02-03-04	232 €	150013

CAMPAMENTO XUVENIL FURELOS (Melide)

NATUREZA NO CAMIÑO

ACTIVIDADES XERAIS: bicicleta, orientación, sendeirismo, tiro con arco, canoa, biomer-gullo fluvial, longboard e xeocaptura.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Natureza no camiño	01-12/07	03-04	176 €	150014
	17-28/07	99-00-01	176 €	150015
	02-13/08	02-03	176 €	150016
	15-26/08	03-04	176 €	150017

CAMPAMENTO XUVENIL VIRXE DE LORETO (Porto do Son)

NATUREZA XUNTO AO MAR

ACTIVIDADES XERAIS: canoa, paddle surf, biomer-gullo mariño, escalada, surf, bodyboard, orientación, bicicleta, rapel, xeocaptura, tirolesa, tiro con arco e slack-line.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Natureza xunto ao mar	01-12/07	02-03	207 €	150018
	17-28/07	02-03	207 €	150019
	02-13/08	02-03	207 €	150020
	17-28/08	99-00-01-02	207 €	150021

CAMPAMENTO XUVENIL ESPÍNEIRA (Boiro)

CANDILEXAS

ACTIVIDADES XERAIS: teatro, circo, danza, monicreques, maxia, ximnasia acrobática, orientación, tiro con arco e xeocaptura.


CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Candilexas	01-12/07	05-06	176 €	150022
	17-28/07	05-06	176 €	150023
	02-13/08	05-06	176 €	150024
	15-26/08	05-06	176 €	150025

GRANXA ZOO DE GRIXALBA *(Sobrado dos Monxes)*

ALDEA PERDIDA

ACTIVIDADES XERAIS: obradoiros sobre o coidado do horto, de alimentación (queixo pan, iogures...) de compostaxe, de recolección, de sementes autóctonas, deseño de hortos sostibles, manexo e coidado dos animais domésticos; obradoiros artesanais, rutas de senderismo e marchas pola natureza, roteiros con interpretación de flora e fauna, xogos medioambientais, tiro con arco, paseo a cabalo, xogos populares, xinkanas na aldea, actividades pre-deportivas, piscina e veladas.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Aldea Perdida	01-07/08	05-06-07-08	113 €	150026
	15-21/08	05-06-07-08	113 €	150027



LUGO

ALBERGUE XUVENIL AREA (Viveiro)

NATURAREA: MEDIOAMBIENTE MARIÑO E NÁUTICA

ACTIVIDADES XERAIS: vela, windsurf, wakeboard, kaiak, aula natureza mariña, snorkel, tiro con arco, xeocaptura, raid brúxula, skimboard, paddlesurf e volei praia.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
NaturArea: medioambiente mariño e náutica	01-12/07	02-03	232 €	270001
	17-28/07	99-00-01-02	232 €	270002
	02-13/08	02-03	232 €	270003
	17-28/08	02-03	232 €	270004

ALBERGUE XUVENIL BENIGNO QUIROGA (Portomarín)

A MIÑA PRIMEIRA AVENTURA

ACTIVIDADES XERAIS: vela, kaiak, bicicleta, fliker, patinaxe, xeocaching, xogos tradicionais, slack line, sendeirismo, obradoiros e acampada.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
A miña primeira aventura	01-08/07	06-07-08	113 €	270005
	11-18/07	06-07-08	113 €	270006
	21-28/07	06-07-08	113 €	270007
	01-08/08	06-07-08	113 €	270008
	11-18/08	06-07-08	113 €	270009

CAMPAMENTO XUVENIL A DEVESA (Ribadeo)

MULTIAVENTURA: MEDIOAMBIENTE E MAR

ACTIVIDADES XERAIS: surf, kaiak-surf, bodyboard, snorkel, BTT, escalada en rocódromo, orientación gps, tiro con arco e flashmob.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Multiaventura: Medioambiente e mar	01-12/07	03-04	176 €	270010
	17-28/07	03-04	176 €	270012
	02-13/08	03-04	176 €	270014

ACAMPADA A CARÓN DO MAR

ACTIVIDADES XERAIS: surf, kaiak-surf, bodyboard, snorkel, BTT, escalada en rocódromo, orientación gps, tiro con arco e flashmob.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Acampada a carón do mar	01-12/07	05-06	176 €	270011
	17-28/07	05-06	176 €	270013
	02-13/08	05-06	176 €	270015

CAMPAMENTO XUVENIL OS CHACOTES (Palas de Rei)

MULTIAVENTURA NOS CHACOTES

ACTIVIDADES XERAIS: BTT, escalada en rocódromo, orientación, tiro con arco, kaiak, piscina, xogos tradicionais e carreiras de orientación.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Multiaventura nos Chacotes	01-12/07	03-04	176 €	270016
	17-28/08	03-04	176 €	270019

AVENTURA_T

ACTIVIDADES XERAIS: BTT, escalada en rocódromo, orientación, tiro con arco, kiaiak, piscina, paintball e carreiras de orientación.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Aventura_T	17-28/07	00-01-02	176 €	270017
	02-13/08	00-01-02	176 €	270018

POBOADO OS PEARES (Carballedo)

ADVENTURE CAMP 2017

ACTIVIDADES XERAIS: actividades en inglés, orientación e gps, rappel, tiro con arco, kiaiak, paddleboard, aula de natureza, nodería, papaventos de fío, piscina e rutas.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Adventure Camp 2017	01-08/07	06-07-08	113 €	270020
	11-18/07	06-07-08	113 €	270021
	21-28/07	03-04-05	113 €	270022
	01-08/08	03-04-05	113 €	270023

ALBERGUE MUNICIPAL QUIROGA (Quiroga)

EXPLORA O COUREL

ACTIVIDADES XERAIS: obradoiros de arqueoloxía e xeoloxía, visitas, rutas, paddleboard, tiro con arco, piscina, kiaiak e BTT.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Explora o Courel	11-18/07	04-05-06-07-08	113 €	270024

OURENSE

ALBERGUE PENEDOS DE XACINTO (ENTRIMO)

TEATRO E AVENTURA NA NATUREZA

ACTIVIDADES XERAIS: expresión corporal, circo, deportes acuáticos, rocódromo, orientación, tiro con arco, xogos activos, aula de natureza e excursións.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Teatro e aventura na natureza	01-12/07	04-05-06-07-08	176 €	320001
	17-28/07	04-05-06-07-08	176 €	320002
	02-13/08	04-05-06-07-08	176 €	320003

ESTACIÓN DE MONTAÑA DE MANZANEDA (MANZANEDA)

MANZANEDA ALTA MONTAÑA

ACTIVIDADES XERAIS: xincana BTT, karts, piscina, escalada, xogos populares, orientación, obradoiros, sendeirismo, técnicas de acampada, béisbol, equitación, orientación á fotografía e tiro con arco.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Manzaneda Alta Montaña	06-13/08	03-04-05	113 €	320004
	13-20/08	03-04-05	113 €	320005
	20-27/08	06-07-08	113 €	320006

ALBERGUE EQUAL

CAMPAMENTO BILAMOS?

ACTIVIDADES XERAIS: baile moderno, flashmob, coreografía e xogos teatrais, roteiros, obradoiros de ecoloxía, de reciclaxe creativo, de vermicompostaxe e de interpretación

ambiental. Xogos populares e veladas de animación, tiro con arco, disfraces, excursións e piscina.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Campamento Bailamos?	15-22/07	06-07-08	113 €	320007

CAMPAMENTO HÍPICA E NATUREZA

ACTIVIDADES XERAIS: obradoiros de teatro e música, habilidades comunicativas, rutas, interpretación ambiental, iniciación á hípica, xogos populares, tiro con arco e piscina.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Campamento Hípica e Natureza	01-08/08	06-07-08	113 €	320008

COMPLEXO O CARGO (MUÍÑOS)

VEN A EXPLORAR CON NÓS

ACTIVIDADES XERAIS: piragüismo, remo, vela, xogos na natureza, construción de fornos solares, vivaque, dinámicas de expresión (teatro, disfraces, cine, etc...), e xogos tradicionais e populares.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Ven a explorar con nós	02-09/08	02-03-04	113 €	320009

ALBERGUE PARQUE NATURAL DO INVERNADEIRO

NATURANIA: Campamento colaborativo de Inmersión na natureza

ACTIVIDADES XERAIS: roteiros e vivaque, BTT, xogos de orientación, tirolina, sondaxes de fauna, obradoiros de activismo ambiental, tiro con arco actividades ornitolóxicas e de inmersión na natureza. (Os/as participantes deberán traer sacos de durmir e esterillas. A elaboración das comidas e a limpeza será responsabilidade dos propios participantes e do equipo de monitores.)

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Naturania	03-09/07	00-01-02	113 €	320010

PONTEVEDRA

ALBERGUE XUVENIL AS SINAS (Vilanova de Arxosa)

ACTIVIDADES NO MAR

ACTIVIDADES XERAIS: vela, táboa, piragua, kaiak polo, aula de informática, snorkel, skim-board, volei praia, shuttleball, tiro con arco, orientación con gps, sendeirismo, xogos pre-deportivos, obradoiro de stop motion e flashmob.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Actividades no mar	01-12/07	02-03	232 €	360001
	17-28/07	02-03	232 €	360002
	02-13/08	02-03	232 €	360003
	17-28/08	99-00-01-02	232 €	360004

CAMPAMENTO XUVENIL PONTEMARIL (Forcarei)

AVENTURA NA NATUREZA

ACTIVIDADES XERAIS: piragüismo, rocódromo, tirolesa, piscina, kaiak polo, aula de natureza, orientación con gps, tiro con arco, sendeirismo, kinball, obradoiro de conservación e reciclaxe, slack-line, obradoiro de fotografía, excursións, stop motion e flashmob, e skateboarding.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Aventura na Natureza	01-12/07	05-06	176 €	360005
	17-28/07	03-04-05	176 €	360006
	02-13/08	03-04-05	176 €	360010
	17-28/08	05-06	176 €	360011

A MIÑA PRIMEIRA AVENTURA

ACTIVIDADES XERAIS: piragüismo, bicicleta, rocódromo, tirolesa, piscina, kaiak polo, aula de natureza, orientación con gps, tiro con arco, sendeirismo, obradoiro de conservación e reciclaxe, técnicas de vivac, e excursión.


CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
A miña primeira aventura	01-08/07	06-07-08	101 €	360007
	11-18/07	06-07-08	101 €	360008
	21-28/07	06-07-08	101 €	360009

CAMPAMENTO XUVENIL A ILLA DE ONS (Buen)

BIG BANG ILLA

ACTIVIDADES XERAIS: bicicleta, tiro con arco, astronomía, sendeirismo guiado, orientación con gps, kaiak, snorkel, aula de natureza, divercencia e wind.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Big Bang Illa	01-8/07	04-05	101 €	360012
	11-18/07	05-06	101 €	360013
	21-28/07	03-04	101 €	360014
	01-08/08	05-06	101 €	360015



PRAZAS RESERVADAS PARA INCLUSIÓN

ALBERGUE XUVENIL MARINA ESPAÑOLA (Bergondo)

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Aventura nas Mariñas	01-08/07	06-07-08	113 €	150001
	11-18/07	06-07-08	113 €	150002

ALBERGUE XUVENIL GANDARÍO (Bergondo)

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Multiaventura en Gandarío	17-28/07	00-01-02	232 €	150010
	17-28/08	03-04	232 €	150012

CAMPAMENTO XUVENIL ESPÍNEIRA (BOIRO)


CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Candilexas	01-12/07	05-06	176 €	150022
	17-28/07	05-06	176 €	150023

CAMPAMENTO XUVENIL OS CHACOTES (Palas de Rei) CAMPAMENTO

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Aventura_T	02-13/08	00-01-02	176 €	270018

XUVENIL PONTEMARIL (Forcarei)

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
A miña primeira aventura	11-18/07	06-07-08	101 €	360008
Aventura na Natureza	01-12/07	05-06	176 €	360005
	02-13/08	03-04-05	176 €	360010





Intercambios bilaterais con outras Comunidades Autónomas

ÁLAVA-ARABA

1. Albergue Catedral de Vitoria-Gasteiz.....	31
2. Albergue Xuvenil Barriá.....	31
3. Albergue Xuvenil Illa de Zuhatza	32

ESTREMADURA

4. Albergue Xuvenil Emperador Carlos V (Jerte - Cáceres).....	32
---	----

CASTELA E LEÓN

5. Albergue Xuvenil Navarredonda de Gredos (Ávila).....	33
---	----

RIOXA (A)

6. Albergue Xuvenil Ezcaray	33
-----------------------------------	----

MADRID

7. Albergue Xuvenil El Escorial.....	33
8. Albergue Xuvenil Las Dehesas (Cercedilla)	34

CANTABRIA

9. Albergue Xuvenil Alto Campoo.....	34
--------------------------------------	----

ALBERGUE CATEDRAL DE VITORIA-GASTEIZ

COLONIA DE ROCK

ACTIVIDADES XERAIS: esta colonia está pensada preferiblemente para persoas que teñan inquiredanzas musicais e de produción musical (son, vídeo e iluminación). É desexable que os/as participantes teñan algunha formación musical, que saiban tocar algún instrumento ou canten, que toquen nalgún grupo de música ou que estean interesados/as en formar un.

O aloxamento e manutención serán no Albergue Catedral de Vitoria-Gasteiz e a meirande parte das actividades e obradoiros desenvolveranse na sala de concertos Hell Dorado. Falarase da historia do rock e dos seus distintos estilos, do seu contexto e relación con outros movementos sociais, de soportes musicais e de estética. Haberá obradoiros de luminotecnia, de luthieres, de son (con gravación de maqueta), de expresión e interpretación, de fotografía dixital, de vídeo-clips, etc. Trae o teu instrumento!

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANOS DE NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Alb. Catedral de Vitoria	Colonia de rock	00-01	01-12/07	293 €	500001

ALBERGUE XUVENIL BARRÍA

ACTIVIDADES DE MULTIAVENTURA

ACTIVIDADES XERAIS: piscina, iniciación á horticultura, xogos, obradoiros medioambientais, excursións, actividades de deporte-aventura como escalada, tirolesa, tiro con arco, descenso de barrancos ou espeleoloxía.

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANOS DE NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Alb. Xuv. Barría	Multiaventura	02-03	01-11/08	274 €	500002

ALBERGUE XUVENIL ILLA DE ZUHATZA (ÁLAVA)

ACTIVIDADES NÁUTICAS

ACTIVIDADES XERAIS: piragua, windsurf, remo, xogos e obradoiros. É un campamento perfecto para o coñecemento interpersoal e intercultural porque acudirán rapaces e rapazas de varias comunidades autónomas. Faranse saídas e excursións a Vitoria-Gasteiz e a Donostia-San Sebastián.

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANOS DE NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Illa de Zuhatza	Náutica	01-02-03	01-11/08	283 €	500003

ESTREMADURA

CAMPAMENTO XUVENIL EMPERADOR CARLOS V (Jerte- Cáceres)

DEPORTE E OCIO EN JERTE

ACTIVIDADES XERAIS: actividades deportivas, de aire libre, sendeirismo, rutas, excursións, visitas de interese cultural e turístico, obradoiros de educación ambiental, xogos e veladas

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANOS DE NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Camp. Emperador Carlos V (Jerte - Cáceres)	Deporte e ocio en Jerte	02-03	03-14/08	247 €	500004

CASTELA E LEÓN

ALBERGUE XUVENIL NAVARREDONDA DE GREDOS (Ávila)

MULTIAVENTURA E AIRE LIBRE

ACTIVIDADES XERAIS: rápel, tirolesa, escalada, parque de cordas, rutas BTT (bicicleta de montaña), excursión a algún lugar de interese paisaxístico ou cultural, veladas, obradoiros, xogos de animación, sendeirismo, acampada ao raso ou refuxio.

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANOS DE NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Alb. Xuv. Navarredonda de Gredos (Ávila)	Multiaventura e aire libre	03-04	01-12/08	293 €	500005

A RIOXA

ALBERGUE XUVENIL EZCARAY (A Rioxa)

MULTIAVENTURA

ACTIVIDADES XERAIS: aula da natureza e aventura (iniciación ao rápel e escalada, paseos a cabalo, piragüismo, tiro con arco e orientación); actividades culturais (excursións) e actividades de natureza (sendeirismo e obradoiros medio-ambientais).

As persoas participantes poderán familiarizarse co idioma inglés xa que se utilizará esta lingua nalgunha actividade

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANOS DE NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Alb. Xuv. Ezcaray	Multiaventura	02-03	01-12/07	293 €	500006
	Multiaventura	00-01	01-12/08	293 €	500007

MADRID

ALBERGUE XUVENIL EL ESCORIAL

INMERSIÓN LINGÜÍSTICA INGLÉS E NOVAS TECNOLOXÍAS

ACTIVIDADES XERAIS: competición de xeocaptura, obradoiros de DJ, cartografía en 3D, facer un vídeo clip, xincanas, piscina, reportaxes de vídeo, wellness (equilibrio saudable con estiramientos, relaxación, cosmética, exercicios acuáticos...) sendeirismo e excursións.

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANOS DE NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Alb. Xuv. El Escorial	Inm. Inglés e NNTT	99-00-01-02	01-10/07	245 €	500008

ALBERGUE XUVENIL LAS DEHESAS (Cerdeña)

CINE EN INGLÉS

ACTIVIDADES XERAIS: actividades de natureza e aventura (obradoiros, xincanas, xogos, etc...) e proceso de produción dun corto en inglés (preproducción, guión, rodaxe e montaxe).

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANOS DE NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Alb. Xuv. Las Dehasas	Cine en Inglés	99-00-01-02	1-10/07	245 €	500009

CANTABRIA

ALBERGUE XUVENIL ALTO CAMPOO

MEDIOAMBIENTE E NATUREZA EN BRAÑAVIEJA

ACTIVIDADES XERAIS: rutas de montaña, sendeirismo, orientación, astronomía, excursións, rocódromo e tirolinas.

INSTALACIÓN XUVENIL	MODALIDADE	ANOS DE NACEMENTO	DATAS	COTA	CÓDIGO
Alb. Xuv. Campoo	Medioambiente e natureza en Brañavieja	02-03	01-12/08	247 €	500010

**Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado**

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 3.º andar
15781 Santiago de Compostela

Teléfonos: 881 999 025 - 881 999 194

981 545 293 - 881 999 314

Fax: 981 545 843

A CORUÑA

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Xuventude e Voluntariado
Avda. Salvador de Madariaga 9, 1º (CC Elviña)
15008 A Coruña

Teléfonos: 881 881 240 - 881 881 238

881 881 241 - 881 881 239

Oficina Local de Ferrol

Edificio Administrativo Praza Camilo José Cela,
s/n, 1º
15403 Ferrol

Teléfono: 981 337 290

**Centro Coordinador de Información e
Documentación Xuvenil**

R/ Ramón Piñeiro 17-19
15781 Santiago de Compostela

Teléfonos: 881 997 604 - 881 997 605

881 997 606

LUGO

Xefatura Territorial de Lugo

Servizo de Xuventude e Voluntariado
Rolda da Muralla, 70

27001 Lugo

Teléfonos: 982 294 224 - 982 294 353

982 294 923

OURENSE

Xefatura Territorial de Ourense

Servizo de Xuventude e Voluntariado
Avda. da Habana, 81, baixo

32004 Ourense

Teléfonos: 988 386 120 - 988 386 116

988 386 113

PONTEVEDRA

Xefatura Territorial de Vigo

Servizo de Xuventude e Voluntariado
Rúa Concepción Arenal, 8, 1º andar

36201 Vigo

Teléfonos: 986 817 078 - 986 817 080

986 817 781 - 986 817 656

Oficina Local de Pontevedra

Rúa Fernández Ladreda 43, 4º andar
36003 Pontevedra

Teléfonos: 886 206 395 - 986 805 531

